

Asunto: informe sobre Parque eólico de Coto Loureiro

Promotor: Adelanta Corporación, S.A

Localización: Concellos de A Laracha e Cerceda (A Coruña)

Clave: IN408A 2018/37

ANTECEDENTES:

O proxecto indicado é unha solicitude sobre o estudo de impacto ambiental da instalación do parque de referencia.

Polo promotor preséntase o Estudio de Impacto ambiental así como Proxecto técnico da actuación Parque Coto Loureiro nos termos municipais de Concellos de A Laracha e Cerceda (A Coruña).

Por parte do Servizo de Enerxía e Minas da xefatura Territorial de A Coruña, solicitouse informe dentro das nosas competencias, especialización ou ámbito de actuación, relativo ó devandito documento a través de rexistro o día 18 de marzo de 2022 emitíndose pertinente informe, e posteriormente tras requirimento aportouse aclaración solicitada a través de rexistro con data o 23 de maio de 2022 ó cal tras solicitude do 15/9/2022 foi revisado e fai mención o seguinte informe.

DATOS TECNICOS.

O Parque proxectado está formado por 14 aeroxeneradores acadando una potencia total de 48,00 MW, o modelo de aeroxenerador terá un diámetro máximo de rotor de 136 m e altura máxima de buxe ata 105 m.

INFORME

Segundo o Estudo de Impacto Turístico do Proxecto Parque eólico de Coto Loureiro tras analizar todos os posibles impactos que o mesmo puidese xerar, dedúcese que devandito proxecto produce un impacto global significativo nas fases construtivas e da explotación, polo que, coa consideración das medidas preventivas e correctoras que deben activarse na posta en marcha do Programa de Vixilancia Ambiental, hai que sinalar:

- A fase de construción pode se considera significativa no aspecto turístico pola existencia de maquinaria na contorna das obras nun breve período de tempo.
- Na fase de explotación, considérase significativa debido ás emisións sonoras e impacto visual.

Por outra banda dado que os efectos poden ser significativos, entendéndose como aquel que se manifesta como unha modificación do medio ambiente dos recurso naturais, o de seus procesos fundamentais de funcionamento que produza o poda producir no futuro repercusións apreciable, é necesario que se establezan medidas preventivas o correctoras no desenvolto da explotación.

CONCLUSIÓN

As afeccións á explotacións de parques eólicos que poidan desvirtuar ou alterar o entorno da súa ubicación, modificando claramente a súa orixinalidade tanto na características que o definen como nos intereses turísticos particulares e xerais creados no entorno, é importante ter presente tamén criterios concretos nalgún dos casos imposibles de salvar que serán respectados no cumprimento da





normativa turística aprobada e tidos en conta e que tratan de fomentar non só os aspectos económicos da nosa Comunidade Autónoma senón tamén protexer a súa entidade como rexión histórica e diferenciada das demais, foco dun turismo diferenciado.

Dado o alcance das actuacións que pretendese facer e segundo o estudo de impacto turístico achegado como documentación complementaria pódese concluír que o impacto que terá o Parque eólico de COTO LOUREIRO no turismo rural local así como na súa contorna é **REDUCIDO**, tendo en conta as seguintes medidas compensatorias a ter presente a incluír na Declaración de Impacto Ambiental.

Fase de construción

Comprobarse en cada momento o axuste das unidades de obra replantexadas sobre o terreo. Propoñendo en cada caso modificacións precisas para reducir o impacto ambiental e paisaxístico.

Conservaranse tódalas estruturas humanas de pedra dos paisaxes agrícolas e gandeiros.

Os desbroces e as talas limitaranse á mínima superficie. Para minimizar o intervalo de tempo que os solos estean espidos se realizará a revexetación o antes posible.

Respecto á afección acústica cumprirase a lexislación vixente en caso de que existan queixas veciñais realizarase unha campaña de control acústico e de superarse os niveles recollidos na normativa vixente, aplicaranse as medidas necesarias (maior limitación horaria, modificación na planificación dos traballos) de maneira que se asegure o cumprimento normativo.

Realizarase unha planificación do tráfico para que este interfira o mínimo posible co fluxo turístico.

Fase de explotación

Respecto á afección acústica cumprirase a lexislación vixente en caso de que existan queixas veciñais realizarase unha campaña de control acústico e de superarse os niveles recollidos na normativa vixente, aplicaranse as medidas necesarias (maior limitación horaria, modificación na planificación dos traballos) de maneira que se asegure o cumprimento normativo

Se propón a realización de control durante o primeiro ano de explotación para comprobar que non se supera dito umbral.

En caso de que se supere o umbral plantearíase programación de parada técnica temporal do aerogenerador afectado de maneira que se evite a superación de dito umbral.

Así mesmo e de forma xeral:

- Establecerase colaboración con aloxamentos turísticos, centros educativos para proporcionar información medioambiental recollida no estudo de impacto ambiental para promover valores turísticos, así como a realización de visitas guiadas ó parque eólico.
- Aceptación de presentación de oferta para aloxamento do persoal que realiza os traballos no parque eólico nos aloxamentos turísticos da zona para favorecer o incremento de clientes.

Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luís Gestal Ernau, xefe da Área de Obras e Mantemento

